CONCELLO DE VIGO

No verán... un conto 2021

VIGO EN GALEGO

Pakolas
Para público familiar, idades recomendadas de 4 a 9 anos

Ramona Órbita, a dona do tempo

Pakolas guiaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e a guitarra, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

En *Ramona Órbita, a dona do tempo*, Pakolas preséntanos o seu último librodisco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (agosto-2020).

Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta automática con patacas cibernéticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con Manolo Cavernario que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha Roda Rota que se fai chamar Time, etc. Todo ata chegar a Benvidas ao Futuro na que cantamos por unha sociedade mais ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natureza.

Sábado, 28 de agosto ás 19:00 en Navia (Praza da Lagoa -As Teixugueiras, 18-20)

Entrada libre ata completar a capacidade

Máis información nas web: snl.vigo.org e vigo.org (axenda)